



Guía Docente

Datos Identificativos			2014/15	
Asignatura (*)		Lingua Galega e Usos	Código	613G03045
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Profesorado	López Viñas, Xoán	Correo electrónico	xoan.lopezv@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Estudo das relacións entre norma e usos da lingua galega, con especial atención á problemática sociolingüística.			

Competencias da titulación

Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe

Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación
Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.	A3
Ter un dominio instrumental avanzado oral e escrito da lingua galega.	A4
Elaborar textos orais e escritos de diferente tipo en lingua galega.	A9
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15
Adquirir capacidade de autoformación.	B3
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.	B5
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.	B7
Apreciar a diversidade.	B8
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.	B10
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.	C4
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.	C6

Contidos

Temas	Subtemas
1. Lingua, estándar e variación	1.1. O proceso de estandarización da lingua galega. 1.2. A variación lingüística: histórica, xeográfica, social e situacional.
2. Norma e calidade lingüística	2.1. Aspectos ortográficos e ortolóxicos 2.2. Aspectos morfosintácticos 2.3. Aspectos léxico-semánticos 2.4. Aspectos pragmático-textuais
3. Usos lingüísticos e situación sociolingüística galega	3.1. Usos lingüísticos e ámbitos de uso: familia, amizades, traballo, comercio local, finanzas, escola, administración, saúde, medios de comunicación; oral/escrito; popular/culto; urbano/tradicional 3.2. A lingua galega na actualidade



Planificación			
Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	12	18	30
Obradoiro	15	21	36
Lecturas	0	3.5	3.5
Solución de problemas	0	30	30
Proba mixta	0	10	10
Atención personalizada	3	0	3

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Obradoiro	Nestas sesións, o alumnado realizará ACTIVIDADES PRÁCTICAS de diferente tipoloxía (exercicios de completar, corrección de textos, análise e elaboración de textos, lectura e entoación de textos, exposicións, debates etc.) destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistrais, así como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia.
Lecturas	Cada estudiante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Solución de problemas	Como complemento ás sesións maxistrais e ás actividades prácticas presenciais, o alumnado deberá realizar (fóra da aula) unha serie de ACTIVIDADES PRÁCTICAS sobre os contidos traballados nas aulas presenciais que deberá entregar ao profesor nas datas marcadas.
Proba mixta	Exame práctico escrito en que se demostrarán os coñecementos e competencias adquiridos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Obradoiro	Para alén do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsable da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización das prácticas presenciais e non presenciais.
Solución de problemas	

Avaliación		
Metodoloxías	Descripción	Cualificación
Obradoiro	Realización de actividades prácticas presenciais derivadas das sesións maxistrais. Nestas actividades valorarase a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica, a capacidade de análise, a claridade e corrección na expresión oral e escrita, así como o traballo individual e en grupo.	20
Solución de problemas	As ACTIVIDADES PRÁCTICAS non presenciais suporán un 30% sobre a cualificación final. Nestas prácticas de ampliación avaliarase o correcto desenvolvemento das instrucións indicadas, a correcta aplicación dos contidos teóricos á práctica, a corrección na análise e na expresión escrita. Entregaránse en papel nos prazos marcados.	30
Proba mixta	Constitúe unha proba con elementos diversos, onde serán valoradas cuestións tales como os contidos, a clareza e rigor expositivo e a calidade expresiva.	50

Observacións avaliación

**1. OBSERVACIÓN XERAIS PARA A 1.ª OPORTUNIDADE (xaneiro):****1.1.**

Para superar a materia, o alumnado deberá aprobar (con 5 puntos sobre

10) cada unha das metodoloxías avaliábeis: OBRADOIRO, SOLUCIÓN DE PROBLEMAS e PROBA MIXTA. En caso contrario, poderá recuperar parcial ou totalmente estas metodoloxías na 2.ª oportunidade (xullo),

segundo as normas que se detallan na epígrafe 2.

1.2. O

alumnado terá que entregar os traballos e actividades no prazo fixado.

Asemade, todo tipo de actividade ou proba deberá cumplir unhas exixencias

mínimas de corrección lingüística (ortografía, puntuación, concordancia

sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro

formal?); no caso de deficiencias lingüístico-expresivas, estas poderán

ser penalizadas na cualificación.

1.3. O alumnado con matrícula parcial e/ou dispensa académica recoñecida

deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o

restante; se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co

profesor a través do correo electrónico.

2. CUALIFICACIÓN FINAL NA 2.ª OPORTUNIDADE (xullo):**2.1.**

Na segunda oportunidade, en xullo, o alumnado será avaliado cos mesmos

criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior,

excepto o "Obradoiro", cuxa cualificación -ao ser presencial-

integrarase en "Solución de problemas" (que, deste xeito, equivalerá ao 40% da

cualificación).

2.2. As metodoloxías que non foren

aprobadas na 1.ª oportunidade deberán elaborarse para seren avaliadas

nesta 2.ª oportunidade. Igual que na oportunidade anterior, para superar

a materia o alumnado deberá aprobar (con 5 puntos sobre 10) cada unha

das metodoloxías.

3. CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP):**3.1.**

A cualificación de NON PRESENTADO/A será considerada cando o/a alumno/a

non asistir ao exame (proba mixta) e, alén disto, cando o número de

actividades for inferior ao 50%.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Moure, T. (2011). Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética. A Coruña: UDC- Freixeiro Mato, X. R. (1998-2004). Gramática da Lingua Galega (4 vols.). Vigo: A Nosa Terra- López Viñas, X. / Lourenço Módia, C. / Moreira Leirado, M. (2011). Gramática práctica da lingua galega. A Coruña: Baía- Ninoyles, R. (2005). Idioma e poder social. Santiago de Compostela: Laioveneto- Freixeiro Mato, X. R. (2010). Lingua de calidade. Vigo: Xerais- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010). Lingua e futuro. Santiago de Compostela: Laioveneto- Sánchez Rei, X. M. (2011). Lingua galega e variación dialectal. Santiago de Compostela: Laioveneto- Freixeiro Mato, X. R. (2002). Lingua galega: normalidade e conflito. Santiago de Compostela: Laioveneto- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2009). Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación. Vigo: Xerais- García Negro, M. P. (coord.) (2009). Sobre o racismo lingüístico. Santiago de Compostela: Laioveneto
Bibliografía complementaria	



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías